

INFORMACIÓN RELATIVA Á PRESUNCIÓN DE NACIONALIDADE

Poderán pedir a presunción de nacionalidade española se están empadroados neste partido xudicial. O día da cita deberán comparecer os dous proxenitores, sen que sexa necesaria a presenza do/da menor. A documentación que deben presentar é a solicitude, debidamente cuberta e asinada por ambos, e mais os documentos que se sinalan ao final desta.

DEBERÁN ACUDIR CO SEU PASAPORTE/NIE

REQUISITOS PARA PEDIR A PRESUNCIÓN DE NACIONALIDADE

Art. 17.C do Código civil: Son españois de orixe:

c) Os nados en España de pais estranxeiros, se ambos os dous carecen de nacionalidade ou se a lexislación de ningún deles lle atribúe ao fillo unha nacionalidade.

Poden pedir a nacionalidade con valor de simple presunción os/as nenos/as nados en España cando os proxenitores sexan das seguintes nacionalidades:

-Arxentina, Bolivia, Brasil, Cabo Verde, Colombia, Costa Rica, Cuba, Guinea-Bissau, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, San Tomé e Príncipe, Uruguai.

Ambos os proxenitores deben ser nacionais destes países, xa sexa do mesmo país ou de distintos.

Casos especiais:

-Ecuador: teñen valor os nados antes do 20 de outubro de 2008 (os nados nese día xa non o teñen).

-Marrocos: só teñen valor en caso de nai marroquí e pai dalgún dos países anteriores.

-Palestina: require consulta da lei